

# AGOSTO 2020

22:30 Auditorio de Rianxo

Podes seguir os concertos en streaming na canle de YouTube do Concello de Rianxo



## CONCERTOS



### 6 PABLO SANMAMED TRÍO

Contrabaixista e compositor de fonda formación e ampla traxectoria profesional. A súa dilatada produción compositiva abrangue música para teatro, cinema, danza, publicidade e audiovisual en xeral. Ten gravados 67 discos e/ou DvD que inclúen gravacións con Germán Coppini, Tsukiko Amawaka, Mark Sanders, Banda Crebinsky, 3 azoteas, Carlos Martín, Fía na Roca, Triatone, Paraphernalia, SPJ, ou OMEGA entre outros. Participou en numerosos festivais coma o WOMAD na edición

de Tenerife e Santiago, Festival Internacional de Jazz de Getxo, Jazzaldía de Donostia-San Sebastián, o SONAR, Festival de L'Orient, Intercéltico de Glasgow, ou o Festival Internacional de Panamá entre outros. Obtivo varios premios de composición en bandas sonoras e música ao vivo. Formado por Pablo Pérez Sanmamed (contrabaixo), Iago Mouriño (piano) e Bruno Couceiro (batería), Pablo Sanmamed Trío comenza a funcionar no 2015, e presenta un repertorio integrado por composicións propias. Na súa idea estética prevalecen os compases irregulares mixturados con partes líricas, no que buscan distintos puntos de vista dentro da sonoridade do trío standar (piano, contrabaixo e batería), observando músicas e referentes tanto dentro do jazz coma de outras músicas.



© Eutropio Rodríguez

### 7 PABLO CASTAÑO QUARTET

Pablo Castaño é titulado superior en saxofón polo Conservatorio de Santiago e Diplomado en Educación Musical pola Universidade de Santiago. Asemade, estudou na New School University (NYC), en Nova Iorque, onde estivo residindo e traballando como músico independente, realizando colaboracións con Tom Abbott, Eyal Vilner ou Bobby Sanabria, entre outros. Na actualidade, lidera diversas agrupacións, entre as que destaca o seu cuarteto, compaxinando o labor creadora coa docente en diversas institucións e centros de estudos galegos. O seu primeiro disco como líder, "A-la-láa", explora desde a linguaxe do jazz as melodías e modos da música patrimonial galega en adaptacións, composicións propias e versións nas que colabora a afamada cantante galega Ugia Pedreira. Pablo Castaño (saxo), Yago Vázquez (piano), Iago Fernández: (batería) e Demian Cabaud (contrabaixo).



### 8 SWING MACHINE ORCHESTRA

Swing Machine Orchestra é a primeira orquestra de cordas swing. Unha proposta única, xenuína e aloucada con doce músicos e bailaríns de diferentes procedencias -Cuba, Honduras, Arxentina e España- para bailar ao ritmo frenético dos anos 30. A orquestra realiza un percorrido pola época dourada do swing interpretando arranxos das grandes formacións de Glenn Miller, Benny Goodman, Louis Prima, Artie Shaw, Chick Webb, ragtimes de Scott Joplin e diferentes adaptacións realizadas para esta orquestra única en Europa. A formación consta de 5 violíns, 2 violas, 2 violoncelos, contrabaixo, batería e baile claqué. Unha idea orixinal dos violinistas Raúl Márquez e Suso Moreno. "Paseando o Swing" é o último espectáculo que a orquestra acaba de presentar, unha proposta diferente coa que esta formación se achega ao público para crear unha gran pista de baile e moverse ao ritmo trepidante do swing anos 30.

### IMPORTANTE:



Só con reserva de praza en: [auditorio@concelloderianxo.gal](mailto:auditorio@concelloderianxo.gal) (preferente) ou no telf **66418 32 17**. Solicitud de reservas: **do 24 de xullo ao 5 de agosto, de 09:00 a 13:30 en días laborais**. É necesario indicar **o nome completo, telf e calidade de conviventes de todas as persoas** para quen se solicita. **A reserva será efectiva cando se confirme** desde o auditorio (correo electrónico ou telf).

# XULLO 2020

Auditorio de Rianxo

## EXPOSICIÓN



### 24 EXPOSICIÓN "JAZZ ESPIDO",

17 debuxos de Eva Lloréns, e 17 poemas de M<sup>a</sup> do Carme Kruckenberg.

Do 24 de xullo ao 14 de agosto. Sala de exposicións do centro Sociocultural-Auditorio de Rianxo



III  
**Noites  
de Jazz  
Festival**

 **Rianxo**  
Cultura, Museos, Mocidade,  
Festas e Centros Socioculturais

 Deputación  
DA CORUÑA

 Assoc. de Músicos  
de Rianxo

 Fundación Museo de Artes  
de Espirito de Rianxo

 CORTIZO